

ANUNCIO DA 6.ª QUENDA DOS “CAMPAMENTOS A LANZADA” 2026

A entrada e a saída do campamento faranse de forma gradual, de acordo co seguinte:

- Data de entrada: domingo 26 de xullo (pola tarde)
- Data de saída: sábado 1 de agosto (pola mañá)

Orde por apelidos	Horario de entrada domingo 26 de xullo	Horario de saída sábado 1 de agosto
1.º De Abal a Castro	De 16:00 a 16:25 h	De 10:00 a 10:25 h
2.º De Conde a Gordo	De 16:30 a 16:55 h	De 10:30 a 10:55 h
3.º De Iglesias a Pérez	De 17:00 a 17:25 h	De 11:00 a 11:25 h
4.º De Pidre a Vilas	De 17:30 a 18:00 h	De 11:30 a 12:00 h

Poderase acceder ao recinto en coche, pola segunda entrada, na estrada cara a San Vicente do Mar. Unha monitora ou monitor indicará o lugar de entrada e saída.

Importante! É OBRIGATORIO LEVAR A TARXETA SANITARIA OU A DO SEGURO PRIVADO DA NENA OU DO NENO

- ❖ Se por algunha causa xustificada a nena ou o neno non puidese chegar no horario indicado:

A nai, o pai, a titora ou o titor legal deberá comunicalo previamente a través dun correo electrónico a xuventudereto@depo.es e indicar o motivo e a hora de chegada prevista.

- ❖ Se a nai, o pai, a titora ou o titor legal non puidese levar ou recoller a nena ou o neno:

Deberá achegar unha autorización debidamente asinada (segundo o modelo do anexo I) por correo electrónico a xuventudereto@depo.es e entregarlle á directora ou ao director do campamento o día de entrada ou de saída.

- ❖ No caso de non poder asistir ao campamento:

Deberá comunicarlle a súa renuncia ao Servizo de Xuventude e Reto Demográfico mediante o correo electrónico xuventudereto@depo.gal (segundo o modelo do anexo II), o máis axiña posible, co fin de que a Deputación poida realizar as xestións necesarias para adxudicarlle esa praza á seguinte persoa da lista de agarda.

Así mesmo, pode atopar outra información de interese (equipaxe mínima aconsellable, protocolo de non recollida etc.) en <https://www.depo.gal/es/-/campamentos-a-lanzada>.

Anexo I: Autorización para a entrega e/ou recollida de menores

Eu, (nome completo da persoa responsable),
con DNI número, en calidade de (nai/pai/titora/titor
legal) de (nome completo
da/do menor ou menores), AUTORIZO a
(nome completo da persoa autorizada) para que realice (sinala cun X a opción que
corresponda):

- ☐ A entrega da/do menor ou menores o día de inicio do campamento.
☐ A recollida da/do menor ou menores o día de finalización ou saída parcial.
☐ Ambas as dúas (entrega e recollida).

Número de teléfono de contacto da persoa autorizada:

A persoa autorizada deberá identificarse ante o persoal responsable do
campamento amosando o seu DNI.

Data

Sinatura

Anexo II: Comunicación de renuncia á praza concedida

Eu, (nome completo da persoa responsable),
con DNI número, en calidade de (nai/pai/titora/titor
legal), comunico a renuncia á praza de
(nome completo da/do menor ou menores) na quenda número dos
"Campamentos A Lanzada" 2026.

Data

Sinatura